

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



**XUNTA
DE GALICIA**

CiNEMA **E EMOCiONS** **UNHA ViAXE** **A iNFANciA**

EXPOSICIÓN
22 XULLO 2020–10 XANEIRO 2021

Museo Centro Gaiás | 3º andar
Entrada de balde. Cidadedacultura.gal

Exposición organizada por

LA
CINEMATHEQUE
FRANÇAISE



Fundación "la Caixa"



Xacobeo 2021

Cinema e emocións. Unha viaxe á infancia

La Cinémathèque française e a Fundación "la Caixa" —en colaboración coa Xunta de Galicia e no marco do Xacobeo 2021— presentan na Cidade da Cultura unha exposición concibida como unha viaxe á infancia, pensada tanto para público adulto como para a cativada. Por unha banda, convidanos a ser testemuñas de como se plasmou a infancia no cinema ao longo dos seus máis de cen anos de historia, e, por outro, a experimentar as emocións tal e como as vivimos durante os nosos primeiros anos de vida.

Dividida en sete seccións —Alegría, Rabia, Risa, Bágoas, Medo, Valentía e Ilusión—, a mostra empúrranos a revivir as emocións que sentimos ao longo da nosa vida, pero ás que nos enfrontamos por primeira vez durante a nenez, vivíndoas —polo seu carácter novo e descoñecido— con especial intensidade.

Cada unha destas seccións xira arredor dun vídeo con fragmentos de películas de diversos xéneros que datan desde as orixes do cine ata a actualidade e proveñen de diversas latitudes.

Completan cada sección materiais como debuxos, storyboards, fotografías de rodaxe, carteis, maquetas, obxectos, etc., chegadas das coleccións da Cinémathèque française, que se contan entre as máis ricas do mundo no ámbito cinematográfico, así como dos fondos persoais dalgúns cineastas e coleccionistas.



(1) *Les 400 Coups*, 1959. François Truffaut © André Dino - mk2 D.R.
(2) *The Kid*, 1921 Charles Chaplin © Roy Export S.A.S.



(3) *Être et avoir*, 2002 - Nicolas Philibert © Les Films du Losange
 (4) *Marcelino, pan y vino*, 1954. Ladislao Vajda.

No cinema protagonizado por nenos, os espectadores recoñecemos algúns dos sentimentos dos personaxes, observamos como expresan certas emocións, de forma que a película acaba tendo un profundo impacto en cada un de nós. Mediante un pacto non escrito entre cineasta e espectador, outorgamos ao cinema o poder de facer que unha historia ficticia nos pareza verosímil e de trasladarnos a uns determinados estados emocionais. Isto ponse de manifesto especialmente nas películas con protagonistas infantís, xa que as súas alegrías, inquedanzas e preguntas son potenciadas durante a proxección; espértannos a curiosidade, estimúlannos a imaxinación e, ao mesmo tempo, convidánnos a soñar e a viaxar no tempo.

A creación cinematográfica atravesou desde os seus inicios infinidade de mundos reais e imaxinarios a través da mirada dos nenos. Cinema e emocións. Unha viaxe á infancia desprega recursos para que os visitantes realicen o percorrido dos nenos das películas:

iluminación, cromatismo, proxeccións en pantallas de distintos tamaños e reproducións de personaxes tan representativos como King Kong. Esta exposición, con aproximadamente 230 pezas de La Cinémathèque française e de fondos persoais de cineastas e coleccionistas, permite aos adultos compartir os seus recordos e o seu imaxinario infantil cos pequenos, e a estes, seguir crecendo no camiño cara á idade adulta.

As seis primeiras seccións da mostra céntranse no modo en que o cinema representa cada unha das emocións escollidas como fío condutor do relato: como se plasman nos rostros, nos xestos corporais e nas palabras dos nenos actores, sexan persoas de carne e óso perante a cámara ou personaxes xurdidos da imaxinación dun debuxante. A última das seccións, Ilusión, desvela os misterios da creación cinematográfica e as distintas formas que esta ten de xerar fascinación mediante o despregamento das ferramentas coas que 'se constrúen' esas emocións. Este ámbito mostra a tremoia, o

que sucede detrás da cámara, todo aquilo que fai posible a creación deste mundo ilusorio, de forma que a viaxe é dobre: cara aos días da propia infancia e cara aos segredos da produción cinematográfica. Ao final da visita descubrirose que tan fascinantes son as ferramentas coas que traballa o cinema como xenuínas as emocións que é capaz de espertar.

Cinema e emocións. Unha viaxe á infancia chega á Cidade da Cultura en virtude dunha colaboración entre a Fundación "la Caixa" e a Xunta de Galicia e poderá visitarse no Museo Centro Gaiás durante case seis meses. Anteriormente expúxose con grande acollida de público en La Cinémathèque française no ano 2017, e itinerou posteriormente nos centros CaixaForum de Sevilla, Zaragoza, Girona, Lleida, Tarragona e no MUPAM de Málaga.

É a terceira exposición que a Fundación "la Caixa" organiza con La Cinémathèque française. Os anteriores proxectos foron *Arte y cine. 120 años de intercambios*, e *Georges Méliès. La magia del cine*.

Fondos en exhibición

Tanto os fragmentos audiovisuais como os materiais asociados proceden das coleccións de La Cinémathèque française, consideradas das mellores do mundo no ámbito cinematográfico, así como dos fondos persoais dalgúns cineastas e coleccionistas.



Le Roi et l'oiseau, 1979. Paul Grimault

No seu conxunto, a mostra inclúe aproximadamente 230 pezas.

As obras expostas son na súa meirande parte fotografías, pósters, debuxos ou fragmentos audiovisuais, e algunhas pezas senlleiras, como por exemplo un sombreiro e dúas pipas do director e actor Jacques Tati, unha estatua de King Kong de máis de dous metros de alto, ou unha vasoira Nimbus 2000 do filme *Harry Potter e a pedra filosofal*.

A mostra permitiranos viaxar e recordar filmes inesquecibles como

Alicia no país das maravillas, Os 400 golpes, O meu veciño Totoro, Tempos modernos, Monstros S.A., Cinema Paradiso, O ladrón de bicicletas, Toy Story, Parque Xurásico ou Mary Poppins.

Entre as películas seleccionadas atópanse tamén dous filmes galegos, que en forma de fragmento audiovisual ou poster orixinal, estarán presentes na mostra. Trátase de *A lingua das bolboretas*, de José Luís Cuerda, e *Todos vós sodes capitáns*, de Oliver Laxe.



Cartel, *La Guerre des boutons*, 1962. Yves Robert. ©Archivo-colección Lluís Benejam - www.archivocine.com



Cartel *El Bola*, 2000. Acheró Mañas. ©Archivo-colección Lluís Benejam - www.archivocine.com

Comisaria: Gabrielle Sébire



Gabrielle Sébire directora do Servizo Educativo de La Cinémathèque française e comisaria da exposición. Licenciada en Historia, con especialización en Historia da Arte pola Universidade de Burdeos 3, realizou un máster en cinema e audiovisual na Universidade de París 3, onde posteriormente obtivo

un diploma de estudos avanzados (DEA). Ten publicados varios artigos, a meirande parte deles como redactora da revista *Cahiers du Cinéma*, e exerceu de produtora de varios programas de radio dedicados ao cinema, en Radio France.

Medidas poscovid-19

Cinema e emocións: unha viaxe á infancia será a primeira exposición que acolle o Museo Centro Gaiás trala covid-19. A adaptación aos protocolos sanitarios e de contención da enfermidade tradúcese en medidas como as seguintes:

- Eliminación das entradas e folletos de sala en papel, que serán substituídos polo seu equivalente en formato dixital.

- Montaxe en sala que facilite a circulación das persoas visitantes mantendo as distancias de seguridade.

- Outras medidas de seguridade para as persoas asistentes: emprego de máscaras de protección, mantemento de distancia de seguridade, dotación de xel hidroalcohólico na entrada de edificios, etc.

Créditos

Xunta de Galicia

PRESIDENTE

Alberto Núñez Feijóo

Consellería de Cultura e Turismo

CONSELLEIRO

Román Rodríguez González

SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Manuel Vila López

DIRECTOR XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS

Anxo M. Lorenzo Suárez

COMISARIA XACOBEO 2021

Cecilia Pereira Marimón

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

DIRECTORA XERENTE

Ana Isabel Vázquez Reboredo

DIRECTORA DE ACCIÓN CULTURAL

María Pereira Otero

DIRECTOR DE OFICINA TÉCNICA

Benito García Caramés

DIRECTOR ECONÓMICO FINANCEIRO

Santiago González Prado

COORDINACIÓN EXPOSICIÓN

Departamento de Exposicións de Acción Cultural

ADAPTACIÓN DA MONTAXE

Oficina Técnica

COMUNICACIÓN E MARKETING

Departamento de Comunicación e Marketing

DIDÁCTICA-MEDIACIÓN

Servizo de Educación, Mediación e Atención ao Visitante

Fondo Gaiás da Empresa Galega

ABANCA

AFUNDACIÓN

INDITEX

INVERAVANTE

GAS NATURAL

FENOSA

FUNDACIÓN BARRIÉ

BANCO SABADELL GALLEGO

COREN

CAMPO

GADISA

GRUPO NOSA-TERRA 21

ASTILLEROS BARRERAS

ESTRELLA GALICIA

R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA

MONBUS

Produción e concepción

Exposición organizada na Cidade da Cultura de Galicia pola Cinémathèque française e a Fundación "la Caixa" en colaboración coa Xunta de Galicia e no marco do Xacobeo 2021

Comisaria

Gabrielle Sébire

Asistente

Ona Balló

Coordinación

Sophie Regard-Baldassari, La Cinémathèque française
Muntsa Ciurana, Fundación "la Caixa"
Pedro Raboso, Fundación "la Caixa"

Deseño da montaxe e gráfica da exposición

Mamen Domingo y Ernest Ferré, arquitectos

Textos de sala

Carlos Martín

Traducións e correccións

Francesc Massana

Gemma Salvà Santanachs

Josephine Watson

Informes de conservación

Anna Ferran

Carme Balliu

Rosa Prat

Agradecementos

Colección Lluís Benejam

GAIÁS, CIDADE DA CULTURA DE GALICIA



A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:


Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento Creativo. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudables a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.



MUSEO CENTRO GAIÁS

Referente arquitectónico do século XXI, o Museo Centro Gaiás é un dos edificios máis singulares e con máis posibilidades de uso da Cidade da Cultura, que aspira a converterse no centro expositivo de referencia de Galicia.

A espectacularidade da súa fachada, con case 43 metros de altura, e os seus máis de 16.000 metros cadrados de superficie que inclúen espazos expositivos, almacéns e obradoiros, permiten ao Museo Centro Gaiás despreparar unha oferta de actividades expositivas e dinamizadoras do sector cultural que o converten nun centro activo e en continua renovación.

O Museo Centro Gaiás conta cunha superficie expositiva de 6.600 metros cadrados, dividida en tres plantas superiores e un grande espazo multifuncional na planta inferior, na que é posible materializar retos expositivos de diversa natureza.

Desde a súa inauguración en 2012, o Museo Centro Gaiás ten colaborado con institucións culturais sobranceiras, entre as que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea. CGAC, Daros Latinoamérica

Collection, Fundación Cisneros. Colección Patricia Phelps, Heeresgeschichtliches Museum, Manchester Art Gallery, Migros Museum fur Gegenwartskunst, Museo Arqueológico Nacional, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León. MUSAC, Museu d'Art Contemporani de Barcelona, Museo de la Catedral de Santiago, Musée D'Orsay, Museum of Modern Art. MoMA, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Museo Nacional del Prado, Museo Sorolla, Museo Thyssen-Borenmisza, National Museum Wales, Patronato de la Alhambra y Generalife, Real Fábrica de Cristales de la Granja. Fundación Centro Nacional del Vidrio, RijksMuseum, The Scott Polar Research Institute, Victoria and Albert Museum e importantes coleccións privadas.

FUNDACIÓN "LA CAIXA"



A Fundación "la Caixa", presidida por Isidro Fainé e dirixida por Antonio Vila, creouse hai máis de cen anos en Barcelona. Actualmente, é a fundación privada máis importante de España e unha das máis relevantes a nivel internacional.

A súa prioridade é responder aos desafíos sociais máis urxentes, como a loita contra a pobreza e a exclusión, a promoción do emprego, a atención das persoas con enfermidades avanzadas e o fomento do envellecemento activo e saudable. Manter a excelencia na cultura e o apoio á educación e á investigación médica son os outros obxectivos principais.

En 2020, a Fundación mantivo un orzamento de máis de 500 millóns de euros para responder ás necesidades máis urxentes da sociedade e para crear oportunidades que contribúan a mellorar a calidade de vida das persoas máis vulnerables. O ano pasado promoveu preto de 51.000 iniciativas que beneficiaron a máis de 11 millóns de persoas.

No ámbito cultural e en colaboración coas mellores institucións do mundo –como o British Museum, o Centre Pompidou ou o Museo del Prado–, a Fundación "la Caixa" despregou en todo o territorio español un modelo único de divulgación do coñecemento ao alcance de todos os públicos, entendendo a cultura como un instrumento eficaz para o crecemento persoal e a integración social.

O pasado mes de marzo, a entidade anunciou un investimento de cinco millóns de euros para apoiar a celebración do Xacobeo 2021. Esta colaboración inclúe tanto o apoio a iniciativas da Xunta de Galicia como a organización de actividades culturais propias da Fundación "la Caixa" no marco do Ano Santo.



Exposición organizada por



FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA

//ABANCA

//Afundación

INDITEX

INVERAVANTE

Naturgy 

Fundación Barrié

 Sabadell

 coren

 Campo

 GADIS

grupo
NOSA 
TERRA 21

 Astillero
BARRERAS
VIGGO

 R

 MONBUS

Exposición

CiNEMA

E EMOCiONS

UNHA VIAXE

A iNFANciA

22 de xullo de 2020 — 10 de xaneiro de 2021
Museo Centro Gaiás | 3º andar

Aberta de martes a domingo de 10 a 20 horas

Entrada de balde

Visitas comentadas de balde

Consultar horarios e información en cidadedacultura.gal

cidadedacultura.gal



XUNTA
DE GALICIA

Exposición organizada por

LA
CINEMATHEQUE
FRANÇAISE



Fundación "la Caixa"



Xacobeo 2021